



Decembro 2005

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Viño

Rías Baixas segue negándose
a fixar prezos mínimos na uva

A finais de novembro celebráronse as mesas do viño das cinco denominacións de orixe galegas. Mentres que en Valdeorras, Ribeira Sacra e Ribeiro houbo principio de acordo; en Rías Baixas as adegas negáronse a fixar prezos mínimos para o 2005, e evidenciouse o incumprimento dos pactos deste ano. **Páx. 11**

■ Mulleres

Celebran o II Encontro Anual de
Mulleres do Sindicato Labrego

San Clodio de Ribas de Sil acolleu o II Encontro Anual de Mulleres do SLG, unha xuntanza á que acudiu un cento de labregas e na que a Secretaría das Mulleres deu un repaso ao seu traballo do último ano e puxo as bases para realizar o seu labor durante o vindeiro 2006. **Páxs. 12 e 13**

■ Agroecoloxía

O comedor escolar de Laza porá
no seu menú produtos ecolóxicos

O Grelo Verde, co apoio de Hortanosa, fixo posíbel que no comedor escolar de Laza comecen a servirse alimentos ecolóxicos. Foron meses de reunións co profesorado, e coas pais e nais, para facer posíbel unha experiencia que agora queren levar ao resto da bisbarra. **Páx. 14**



SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

O Sindicato Labrego Galego non tolerará novas baixadas no prezo do leite

■ Nun seminario estatal sobre o leite, SLG e COAG acordaron seguir esixindo prezos dignos, e oporse aos certificados de calidade esixidos unilateralmente por certas empresas.

■ As industrias anunciaron na mesa do leite do 29 de novembro a súa intención de seguir baixando os prezos, ao que o SLG respondeu co seu máis enérxico rexeitamento. **Páxs. 2 a 4 e 6**



O SLG saca os tractores ás rúas de Xinzo para esixir un gasóleo agrícola profesional

A teimosía do Ministerio de Agricultura por non ceder ás demandas unánimes por un gasóleo agrícola profesional provocou que as organizacións agrarias deixasen as negociacións para comezar coas medidas de forza. En Galiza, o Sindicato

Labrego Galego foi a única forza sindical que sacou os tractores á rúa. Así, o 30 de novembro, un cento de vehículos tomaban as rúas de Xinzo de Limia, capital dunha das bisbarras máis castigadas pola suba dos carburantes. **Páx. 6**

15 de decembro

Manifestación en Compostela contra a OMC

Todos os sectores produtivos de Galiza están en perigo!!

Contamos coa túa presenza e apoio!!

Xoves, 15 de decembro, ás 12:00 horas, na Alameda de Santiago



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Isabel Vilalba,
Carme Freire, Antonio Ferreiro,
Marcos Louzao, Xosé Ramón
Cendán, Charo Sánchez
Parga, Xoán Monasterio.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrecán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrecán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047



COAG e SLG contra os certificados impostos pola industria láctea

Trátase de acreditacións de calidade arbitrarias que non dan ningunha garantía de seguridade alimentaria

Os certificados de calidade que están a esixir de xeito unilateral moitas industrias non son garante dunha maior seguridade alimentaria. Esta foi unha das conclusións do seminario "O sector lácteo no Estado español: presente e fu-

turo", organizado pola COAG e o SLG. Nel, entre o 9 e 10 de novembro, representantes de organizacións de boa parte da xeografía peninsular concluíron que os principais problemas do sector non teñen fronteiras.

O Seminario "O sector lácteo no Estado español: presente e futuro", organizado polo Sindicato Labrego Galego (SLG) e a Coordinadora de Organizacións de Agricultores e Gandeiros (COAG), deixou claro que un dos problemas que lle vén enriba ás explotacións é o da imposición de certificados de calidade por parte de certas industrias de maneira unilateral. As diversas organizacións agrarias presentes no evento coincidiron en salientar que esas novas certificacións non aportan nada á seguridade alimentaria, e que é suficiente cos avais do laboratorio interprofesional leiteiro.

Este tamén foi un dos puntos da intervención dun dos conferenciantes da xornada do 10 de novembro, o xefe de Inspección Alimentaria e Zoonose do Concello de Bilbao, Alberto Mamolar, que afirmou que se "debe certificar o produto, pero non as explotacións", respecto do cal asegurou que, precisamente, "o leite é o alimento



Máis dun cento de persoas, principalmente produtores e produtoras de leite, asistiu ao encontro

que máis controis ten hoxe en día". Emporiso, as organizacións presentes denunciaron que as esixencias que piden agora certas industrias van supor un desembolso

importante para as maltreitas economías das explotacións que non vai ser compensado pola exígua suba que ofrecen no prezo do leite. Ademais, a quen non

este de acordo con estas esixencias elle totalmente imposible venderlle o leite a outra empresa, unha problemática á que haberá que buscarlle solución en breve.

Un sector que non quere seguir tendo unha renda dependente das subvencións

Outra das conclusións fundamentais, na que tamén houbo un amplo consenso, foi que os gandeiros e gandeiras do sector lácteo non queren que a súa renda dependa das subvencións, senón que os ingresos lles veñan a través duns prezos dignos e remuneradores do seu traballo. Para as persoas presentes neste seminario, as subvencións á agricultura só son xustificábeis para explotacións que se atopen en zonas xeográficas desfavorecidas que necesitan de verdade compensacións para poder manter a súa actividade.


Nesta cuestión dos prezos viuse como fundamental darlle unha nova orientación á organización común de mercado do leite dentro dun marco global de cambio da Política Agraria Común.

Estes cambios deberían vir, fundamentalmente, por garantir un prezo mínimo para o leite na Unión Europea, por unha redistribución dos dereitos de produción que remate cos desequilibrios entre territorios existente hoxe, e por sacar á agricultura e á alimentación da axenda de negociacións da Organización Mundial do Comercio (OMC).



Canal inaugurou o seminario, e foi o segundo Conselleiro que asistiu a un acto do SLG nos seus máis de trinta anos de historia

Galiza: novas políticas de terras, e desfase entre cota e capacidade produtiva



O sector segue a ser crítico coas estratexias estatais e comunitarias para o leite

A principal novidade para o sector lácteo galego estivo nas novas políticas que adiantou o director xeral de Produción Agroalimentaria, Antonio Oca, coma o banco de terras, destinadas a reducir os custes

das explotacións e a facelas menos dependentes. Pola súa banda, gandeiros e gandeiras denunciaron as prácticas agresivas das industrias, e unhas políticas estatais e comunitarias que van contra o propio sector.

Antonio Oca Fernández, director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria

O director xeral de Produción agroalimentaria, Antonio Oca, deu un repaso histórico ao sector lácteo galego dende que comezou a sufrir a política de cotas. Os primeiros datos son da campaña 92-93; daquela, tiñamos 70.129 explotacións con cota. Hoxe, só quedan 17.291, pasando Galiza de ter uns dereitos de 1.500.000 toneladas, ás 2.162.949 actuais.

A pesares do aumento, Oca denunciou que Galiza sufriu, e segue a sufrir, un desfase histórico entre a

Desfase histórico entre a cota e a capacidade produtiva de Galiza


súa capacidade produtiva e a cota asignada.

Outro dos aspectos preocupantes do sector lácteo galego é o modelo produtivo cara ao que está evolucionando, de tipo intensivo e moi dependente de grandes cantidades de insumos, enerxía, maquinaria, e fortes investimentos. Nos últimos anos, Galiza pasou de cultivar 60.000

hectáreas de millo forrageiro a 100.000, xeneralizándose prácticas agronómicas moi agresivas coa terra, co abandono da rotación de cultivos e a plantación no mesmo terreo de dúas colleitas de millo no mesmo ano.

Oca dixo que a Consellaría está a preparar políticas activas de mobilidade da terra para que as explotacións podan acceder á base territorial que lles compra e virar a tendencia de ir cara a unha gandería sen terra.

Oca dixo que a Consellaría está a preparar políticas activas de mobilidade da terra para que as explotacións podan acceder á base territorial que lles compra e virar a tendencia de ir cara a unha gandería sen terra.



Xabier Gómez Santiso, responsábel de producións gandeiras do Sindicato Labrego Galego

Gómez Santiso criticou a tendencia a crer que o futuro do sector lácteo galego pasa por un incremento sistemático da produción, un camiño "absurdo" que esixe grandes investimentos.

Fronte a isto, Santiso afirmou que a prioridade debe ser acadar un nivel de renda digno, o cal depende dos custes de produción e dos prezos.

Respecto dos custes, Xabier Gómez

Un mercado totalmente opaco e falta de transparencia

alertou sobre o abandono da práctica de producir o máximo de alimentos para o gando na propia explotación, o que supón "unha renuncia a unha das grandes avantaxes do sector lácteo galego, que é a produción de forraxes naturais".

En canto aos prezos do leite, Santiso afirmou que o mercado lácteo é totalmente opaco e falta de transparencia, que os produtores non poden elixir a quen se lle vende o leite, e que nunca se sabe o prezo ao que se vai pagar ao vendelo. Contra isto demandou controis, negociacións para fixar un prezo mínimo e, se é necesario, que este se garanta a través de contratos homologados.

Carme Porca, produtora de leite e membro da Executiva do Sindicato Labrego Galego

Carme Porca puxo a nota persoal nos debates, coa súa propia experiencia como gandeira. Así, en temas coma o do leite vendido fóra de cota, afirmou que "non me gusta a expresión de leite negro. O leite é leite e foi levado a esa situación de ter que venderse fóra de cota por decisións políticas. Nos últimos anos, co mercado libre de cotas houbo moita especulación. Eu merquei a 38, a 50,

Pouca confianza en que o poder político poida regular o mercado

e a 90 pesetas, e houbo xente presionada que mercou cota a 130 pesetas".

A alternativa fronte a esta especulación pasaría por "crear un banco de cotas, un organismo onde cadaquén poida mercar e vender cota segundo as súas necesidades".

Carme Porca tamén se referiu as relacións de compravenda no sector: "Outro problema é que non sabemos canto imos

cobrar polo leite, non hai mesa sectorial e as empresas téñennos nas súas mans". Neste senso, amosouse desconfiada do que poidan facer os políticos, pois "na última supertaxa dictáronse normas para o seu cobro e as empresas fixeron o que lles petou".



Isabel Vilalba, produtora de leite e responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego

A análise de Isabel Vilalba centrouse no tema do pago único, que será unha realidade no 2006, e no que se incorporarán as primas ata o de agora relacionadas coa produción láctea. Vilalba denunciou que o pago único obedece a un mandado da Organización Mundial do Comercio (OMC) e que non é unha axuda á agricultura, senón unha compensación dunha caída de prezos

Pago único: fraude imposta pola OMC en beneficio da industria

pactada. No caso do leite, esa mingua de valor vai ser do 15%. Ao final, as beneficiadas serán as industrias ao ter a materia prima aínda máis barata.

Isabel Vilalba non dubidou en cualificar o pago único como unha fraude aos labregos e labregas e á cidadanía,

xa que a xente non vai ter os produtos máis baratos, e os cartos das subvencións só van pasar polas explotacións para ir parar ás mans das industrias.

Vilalba defendeu que o 10% da axuda, que se pode distribuír con criterios elixidos polo Ministerio segundo o artigo 69, prime a actividade en zonas desfavorecidas e modelos produtivos respectuosos co medio ambiente.

Os grandes problemas das explotacións son comúns en todo o Estado

As vantaxes particulares de certas comunidades non axudan a resolvelos



No País Vasco case non saben o que é o mercado privado de cota láctea e teñen unha industria propia: Iparlat; en Asturias, os produtores e produtoras poden abandonar aos 55 anos. Non

embargante, tanto no País Vasco como en Asturias seguen a pechar explotacións de xeito masivo e a concentrarse a produción en poucas zonas e granxas sobredimensionadas, realidade que coñecemos ben en Galiza.

Alberto Llona, técnico de gandería do EHNE

O retrato que fixo Llona do sector lácteo vasco foi desesperanzador. Hoxe, só quedan 725 explotacións na Euskal Herria peninsular (País Vasco e Navarra). Só nas tres últimas campañas, as explotacións lácteas vascas reducíronse á metade (había 1.400 en activo nos anos 2002-2003).


Respecto á dimensión desas explotacións, no País Vasco o 50% ten unha cota inferior aos 150.000 quilos, sendo a media de 300.000.

Nas tres últimas campañas, pechou o 50% das explotacións vascas

No País Vasco houbo certas particularidades no sector lácteo que o diferenciaron do resto do Estado. Por exemplo, non existiu mercado privado de cota ata hai dous anos. A xestión da cota láctea é pública, e a Administración distribuíuna mediante plans de abandono anuais e bianuais, e reparto gratuíto de dereitos.

Segundo Llona, "a xente non investiu en cota, pero a situación do sector é a mesma que no Estado. Quen non se endebedou con cota, fíxoo con outras cousas, e segue habendo un abandono masivo".

Outra particularidade do leite vasco é que a industria Iparlat traballa, practicamente, en situación de monopolio, polo que "case non temos liberdade á hora de vender e os prezos veñen sendo entre 3 e 4 pesetas máis baixos que no resto do Estado".



Marino Fernández, secretario xeral de COAG en Asturias

A situación en Asturias non é moi distinta á do resto, marcada polo desánimo e o abandono. Na comunidade veciña fican 3.720 explotacións lácteas, cunha media aproximada de 170.000 quilos de cota cada unha, que subirá despois do Plan de Reestruturación.

Tamén en Asturias a produción estase a concentrar nunhas poucas zonas, en concreto na occidental, de onde sae o 75% do leite asturiano, cando "antes había explotacións por

"Quédanos a vía de loitar duro polos prezos e un salario digno"

todo o territorio".

Unha das peculiaridades de Asturias é que é a única comunidade que mantén o cese de actividade aos 55 anos, "algo que estamos pensando paralizar", asegura Marino Fernández, pois "chega un punto no que te preguntas ata cando vas seguir apostando por ceses de actividade e plans de

abandono".

En prezos, "seguimos na prehistoria", denunciou, con valores "semellantes aos de finais dos anos oitenta. Estamos perdendo cartos porque a vida sube e o prezo do leite non". Nese senso, coincidiu co SLG ao demandar que "a renda dos agricultores debe vir vía prezos, aínda que nos queiran enganar e tapar a boca con subvencións e axudas. Quédanos a vía de loitar duro polos prezos, por un salario digno".

Antonio Fernández de Vinuesa, subdirector de Ovino e Vacún do Ministerio de Agricultura

O representante do Ministerio de Agricultura centrou boa parte da súa intervención en gabar o Plan de Reestruturación do Sector Lácteo (PRSL) desenvolvido polo Goberno, que "supuxo a maior mobilización de cota láctea, cun investimento de 105 millóns de euros por parte do Ministerio e 75 millóns por parte de gandeiros e gan-

Non se sabe se volverá a haber outro Plan de Reestruturación

deiras, e sen contar co apoio da Unión Europea". No que se refire ao plan de abandono co que se apoiou o PRSL, houbo 2.000 baixas, o meirande de xente con idade avanzada, sendo a maior cota cedida de 4.000.000 quilos,

e a máis pequena de 540. Tamén asegurou de Vinuesa que 110 millóns dese plan de abandono pagaránse xa a finais de ano, aínda que houbo xente do público que manifestou desconfiado de que iso sexa así. Xa no debate, e ante as preguntas dos asistentes, de Vinuesa dixo que o Ministerio de Agricultura non decidiu aínda se repetirá o PRSL.



Silvia Crespo, técnica de gandería de COAG

Silvia Crespo comezou a súa intervención ofrecendo datos sobre a desigualdade existente no sector lácteo estatal antes do Plan de Reestruturación do Sector Lácteo (PRSL). Así, o 80% das explotacións tiñan menos de 200.000 quilos de cota, superándoos o resto. Ademais, o 50% da cota do Estado estaba en mans de explotacións con máis de 300.000 quilos.

"A prioridade é acadar prezos que cubran custes e traballo"

A técnica da COAG afirmou que a organización á que representa tamén está en contra do mercado privado de cota láctea e que, emporiso, acolleron ben o PRSL. Coincidiu co SLG en que a prioridade é acadar uns prezos dignos que cubran os custes de pro-

dución e o traballo, e non ter uns prezos eternamente subvencionados, algo que pode poñer aos consumidores en contra de labregos e labregas, pois "non entenden que se estean destinando sumas tan grandes de cartos a axudas aos sectores agrarios". Silvia Crespo considerou tamén importante que se comece a incidir en serio nunha comercialización en común.

Editorial

Polo futuro dos nosos sectores produtivos: manifestación o 15 de decembro contra a OMC

O Sindicato Labrego Galego fai un chamamento a todos os labregos e labregas de Galiza, en particular, e á cidadanía en xeral, para que saían á rúa o 15 de decembro a facerlle fronte á Organización Mundial do Comercio (OMC), que celebrará esa semana un cumio de máximo nivel en Hong Kong.

As persoas que nos manifestemos en Compostela o 15 de decembro non estaremos soas. Mentres dure o cumio de Hong Kong, millóns de persoas en todo o mundo mobilizaranse para que as ameazas da OMC fracasen outra vez, pois poñen en serio perigo á agricultura, á alimentación, aos dereitos laborais; ou a servizos e bens públicos esenciais como a sanidade, o ensino, as sementes, a auga, etcétera. Todos dereitos básicos aos que os habitantes de todo o mundo non debemos renunciar.

No caso de Galiza, está en xogo a supervivencia de sectores fundamentais para a economía do noso medio rural coma o leite, a carne de vacún, a horta, o viño, etcétera. Isto é así porque a OMC pretende liberalizar o comercio mundial de produtos agrarios, é dicir, eliminar as barreiras aduaneiras ou aranceis que protexen as producións agropecuarias de cada país (os aranceis son os impostos que teñen que pagar os produtos que veñen de fóra para poder venderse aquí).

Se van para adiante as negociacións da OMC, ficarán abertas as portas da Unión Europea a produtos agrarios producidos en países onde os labregos e labregas traballan en condicións de semi-escravidade e que a penas teñen máis custes que os do transporte e os insumos. Un bo exemplo témolo nos nosos compañeiros e compañeiras da Vía Campesina en Corea. O salario dos labregos e labregas coreanos non chega a 2 euros por día de traballo (entre 60 e 80 euros ao mes), e alí cada xornada laboral dura 14 horas cun nivel de produción mínimo esixido. E o mesmo acontece na maioría dos países de Asia, África ou América Central e do Sur. Nesas condicións en Europa é imposible manter aberta unha explotación. E para os nosos compañeiros e compañeiras de Asia, África e América, é insostible resistir nesas condicións de vida inhumanas.

No caso galego, as decisións que se tomen na OMC en decembro poden ter consecuencias desastrosas para o noso país: co leite, por exemplo, a última oferta da Comisión foi que deixe de ser produto sensíbel, o que pode levar a unha redución progresiva dos aranceis de ata un 80%. (o leite é sensíbel por estar distribuído por todo o territorio europeo -especialmente en Galiza-, e manter, fundamentalmente, economías familiares). Outra das cesións sería aumentar a porcentaxe de produtos obrigatorios a traer de fóra do 5% ao 15%.

Co exemplo da manteiga podemos ver perfectamente o que acontecerá: hoxe temos un prezo na Unión Europea de 2'20 euros por quilo de manteiga. A manteiga que

ven de fóra custa 1'2 euros quilo, incluído o transporte, e pónselle un arancel de 1'9 euros. É dicir, que a manteiga foránea non pode competir contra a nosa porque acaba tendo un prezo de entrada de 3'1 euros por quilo grazas a esas tarifas de aduana. Pero se lle reducen os aranceis un 80%, esa mesma manteiga de fóra custará 1'58 euros por quilo, 62 céntimos máis barata que o prezo mínimo fixado na Unión. A consecuencia será unha forte caída de prezos prezos para poder competir, e iso, sabémolo ben, significaría o peche de miles de explotacións. En Europa non é posíbel que se lle poida pagar a un labrego ou labrega 60 ou 80 euros ao mes de salario como acontece en moitos países.

O caso da carne tamén é significativo. Na Unión Europea, o prezo da carne fresca ou refrixerada e desosada é de 7 euros o quilo. A mesma carne traída do Brasil, cos custes do transporte, é de 3 euros o quilo. Nestes intres, Brasil exporta bastante a Europa pagando un arancel de 3'4 euros, polo que pode vender a carne a 6'40 euros, máis barata cá nosa. Se prosperan as negociacións na OMC, a cousa iría aínda a peor, pois se reducen os aranceis nun 50%, a carne brasileira poderá venderse na Unión a 4'7 euros o quilo, é dicir, 2'3 euros máis barata cá carne europea. Posiblemente, as bisbarras de montaña galegas ficarían definitivamente mortas e despoboadas por ser imposible desenvolver de xeito rendíbel unha das súas principais actividades económicas.

A situación é tan crítica que a Plataforma Europea da Carne advertiu que, de saíren adiante os acordos da OMC, perderanse na Unión máis de 600.000 postos de traballo, boa parte deles vinculados a explotacións gandeiras en zonas desfavorecidas. Os peor parados serían o sectores de vacún e ovino, coa destrución de 310.000 empregos; seguido do porcino, con 240.000; e do avícola, con 71.400.

No caso do viño, da horta ou da froita, a deslocalización das grandes empresas e cooperativas ao levar as súas factorías a países pobres con custes produción miserábeis grazas á man de obra semi-escrava, afundiría os prezos de aquí. Por se fose pouco, nin sequera os consumidores e consumidoras se beneficiarían desta caída de prezos, pois á hora de mercar os produtos seguirán custando o mesmo ou máis.

Ademais, o modelo produtivo que herdariamos de toda esa desfeita sería unha auténtica bomba de relojería: transxénicos que atacan os nosos aparatos dixestivos e respiratorios e impiden a asimilación axeitada dos nutrientes, pesticidas sistémicos sen control con efectos canceríxenos, etcétera. Ademais, eses produtos traídos de terceiros países non teñen obriga de cumprir os requisitos medioambientais, laborais e de seguridade alimentaria esixidos na Unión Europea.

As consecuencias da liberalización dos mercados agrarios que pretende impoñer a OMC tería consecuencias aínda máis

desastrosas para os 800 millóns de persoas que pasan fame no mundo, xa que as empresas dos países ricos acadarían un control maior sobre a produción e a distribución. Si se paga máis pola mandioca para cebar ás vacas holandesas e danesas do que poden pagar os subsaharianos para alimentárense eles, estes últimos quedarían sen comer. Este acordo é malo para Europa, pero nefasto para os países pobres. O último informe da FAO revela que cada ano morren no mundo seis millóns de nenos e nenas por malnutrición e fame. Se a OMC racha as fronteiras comerciais no mundo, a cousa irá a peor.

Fóra da agricultura, unha das intencións que máis nos debe preocupar da OMC é a privatización de servizos públicos esenciais como a sanidade ou o ensino. A intención que teñen é a de que os estados non poidan intervir naqueles servizos que estean cubertos pola iniciativa privada, agás naquelas zonas ou territorios aos que as empresas non cheguen. Nin que dicir ten que o medio rural galego, sumido como está nun forte proceso de desertización, vai ser unha das vítimas deste modelo por non ser "rendíbel" para os negocios. Así, se os acordos da OMC van para adiante, podemos pensar nun futuro no que teñamos un agro moi envellecido e poboado de persoas dependentes de servizos sanitarios, pero totalmente desprovisto de asistencia médica. Co ensino, nun medio rural no que cada vez quedan menos nenos e nenas, pode acontecer outro tanto.

No Sindicato Labrego imos seguir loitando para que se manteña un mundo rural vivo, poboado de explotacións con dereito a producir. Seguiremos tamén loitando polo dereito a que cada país poida organizar e protexer o seu sistema agrario e alimentario, con prezos que paguen os custes de produción e o traballo labrego, e deixen menos marxe de beneficio no peto dos intermediarios para que sexan asumíbeis para os consumidores e consumidoras. Loitando, en fin, polo dereito a estar dotados duns servizos públicos e de calidade que melloren os que temos actualmente.

Emporiso, estar o día 15 de decembro na manifestación de Compostela é fundamental. É necesario apoiar con mobilizacións sociais ao grupo dos 90 países máis pobres, pois están sendo fortemente presionados para asinar os acordos. Se estes países se senten apoiados, non asinarán uns textos que suporían a súa ruína económica definitiva e, polo tanto, ao non haber acordo, o cumio de Hong Kong fracasará.

Por iso facemos un chamamento para que participe na manifestación contra a OMC que terá lugar en Santiago de Compostela o vindeiro 15 de decembro, a partir das 12:00 horas na Alameda. Porque está en xogo a supervivencia de todos os nosos sectores produtivos, porque nos xogamos o noso futuro e o dos nosos fillos e fillas, contamos terte á nosa beira nesta importante mobilización.

Tractorada do SLG n'A Limia para esixir a creación dun gasóleo agrícola

O Ministerio segue teimando en taxar con impostos abusivos o carburante das actividades labregas

Durante o mes de novembro celebráronse en Madrid varias reunións entre o Ministerio de Agricultura e as organizacións agrarias para negociar solucións á suba do gasóleo. O SLG

estivo representado pola COAG e defendeu en todo momento a creación dun gasóleo agrícola profesional exento dos abusivos impostos que o gravan. A teimosía do Ministerio en

conceder só esmolos puntuais fixo que non houbera acordo. A resposta do SLG foi sacar os tractores ás rúas d'A Limia, unha das bisbarras máis castigadas polo alto prezo do carburante.

As rúas de Xinzo víronse asolagadas de tractores o pasado 30 de novembro a partires das dez da mañá. O Sindicato Labrego Galego elixiu A Limia para manifestarse por ser esta unha das bisbarras máis afectadas de Galiza polo incremento constante dos carburantes. Isto débese á alta mecanización que esixen os cultivos de patacas e cereais.

Segundo os cálculos feitos por técnicos do SLG, unha explotación media n'A Limia gastaba 2.847 euros en gasóleo ao ano en 1999, e gasta agora, no 2005, 6.429 euros facendo o mesmo traballo, o que supón un incremento só en gasto de carburante de 3.582 euros (case 600.000 pesetas). E iso nun contexto no que o prezo da pataca e dos cereais están estancados ou á baixa, e no que tamén subiron outros insumos coma os fertilizantes.



Un cento de tractores saíron ás rúas de Xinzo para esixir, unha vez máis, un gasóleo agrícola

O cálculo realizouse tomando como explotación media unha con 15 hectáreas de superficie cultivadas a partes iguais con cereais e

pataca. O consumo aproximado de gasóleo utilizado (pode variar segundo o ano e o número de regas) foi de 1.050 litros por hectárea de

pataca, e 175 litros por hectárea de cereal. O valor de mercado do gasóleo agrícola de referencia foi de 31 céntimos por litro en 1999, e 70

céntimos por litro en outubro de 2005.

O Sindicato Labrego Galego, xunto coa Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), vén esixindo dende hai anos a creación dun gasóleo agrícola profesional que non estea lastrado cos impostos abusivos que o gravan. Cómpre ter en conta que, dos 70 céntimos que custa hoxe un litro de gasóleo agrícola, case 20 céntimos son de taxas, das cales as máis importantes son o 16% de IVE (11 céntimos), e o Imposto Especial de Hidrocarburos (8 céntimos).

De feito, COAG e Sindicato Labrego xa defenderon un gasóleo agrícola profesional o ano pasado en solitario, cando as outras organizacións agrarias se conformaron coa esmola ofrecida polo Ministerio pensando que se trataba dunha suba conxuntural do petróleo.

O SLG non tolerará unha nova baixada nos prezos do leite

A mesa do leite do 29 de novembro durou máis de tres horas, pero dela non xurdiron acordos relevantes. A ela asistiron a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra; e o responsábel dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso. A parte das informacións facilitadas pola Consellaría de Medio Rural sobre as súas xestións no tema da supertaxa ou os datos da campaña, o máis salientábel foi o debate sobre o tema dos prezos. Polo de agora, organizacións agrarias, industria e consellaría comprometéronse a traballar en vindeiras reunións sobre catro puntos: a redución das diferencias de prezos dunhas ex-

plotacións a outras e a creación dun prezo mínimo de referencia, o establecemento de mecanismos que garantan a transparencia na comercialización do leite, homologación e homoxeneización das facturas que lle emiten as industrias ás explotacións, e creación de estratexias dirixidas a facerlle fronte á distribución para que deixe de impoñer os prezos que lle conveñen.

Finalmente, as industrias informaron de que a tendencia nos vindeiros meses vai seguir sendo de prezos á baixa. Lidia Senra e Gómez Santiso deixaron claro que o Sindicato Labrego Galego non vai consentir unha nova



Lidia Senra e Xabier Gómez Santiso representaron ao SLG na mesa do leite do 29 de novembro

redución do valor do leite, pois esa foi a tendencia que viñeron sufrindo as explotacións no último ano e medio. De feito, o leite xa se está a cotizar por baixo das previsións da Política Agraria Común (PAC) Unha

nova caída de prezos poñería en xaque a miles de explotacións que están a soportar unha marxe de rendibilidade demasiado xusta e cativa.

Polo demais, Senra e Santiso valoraron positivamente o

feito de que a Consellaría de Medio Rural institucionalice as reunións entre os axentes do sector lácteo, pois é a única maneira de poder chegar a acordos futuros coma contratos homologados ou prezos mínimos de referencia.

A OMC ameaza a supervivencia da agricultura e da gandería en Galiza

O SLG convoca unha manifestación, o 15 de decembro en Compostela, para defender o futuro do noso agro

Mentres as negociacións na OMC van cara a un fracaso case seguro, o SLG seguiu dando a batalla na Galiza coa organización de eventos nas cidades de Pontevedra e A Coruña. Conferen-

cias, degustacións de produtos da terra, debates, e denuncia ante os medios de comunicación, foron algúns dos instrumentos utilizados para sacar á luz as serias ameazas sobre a agri-

cultura labrega de todo mundo que entrañan as intencións da Organización Mundial do Comercio. Estes actos culminarán o 15 de decembro cunha manifestación en Santiago.

As negociacións no seo da OMC semella que están enfiando un novo fracaso, como xa acontecera en Seattle e Cancún. O 7 de novembro comezou en Londres unha nova rolda de conversas entre a Unión Europea e representantes de Estados Unidos, Brasil, India e Xapón. Dous días despois, recoñecían o seu fracaso para chegar a un acordo de liberalización do comercio agrícola mundial.

O propio director xeral da OMC, Pascal Lamy, dixo nunha reunión cos 148 países membros que a cita de Hong Kong debería ser vista como "unha etapa intermedia", do cal se deduce que nin o máximo dirixente da OMC confía nos resultados do cumio.

En canto a Unión Europea, houbo fortes críticas de Francia ao comisario



Durante o mes de novembro celebráronse semanas de actividades contra a OMC nas cidades d'A Coruña e Pontevedra; en decembro tocaralle o turno a Ourense e Compostela. Nas imaxes, o ambiente nunha xornada baixo a carpa pontevedresa



encargado das negociacións, o responsábel de Comercio Peter Mandelson, por ex-
tralimitarse nas súas funcións á hora de realizar ofertas a outros países. Francia chegou a ameazar con vetar

as negociacións, apoiada por Irlanda, Grecia e Chipre.

No Estado español, veñen de deixar aos produtores de remolacha ao borde da ruína ao aprobar a Unión Europea un recorte no prezo do

azucro do 35%. O resto dos sectores agrícolas tamén se verán seriamente ameazados se saen adiante as negociacións. A posición do Goberno de Zapatero, diante de tanta desfeita, resulta cu-

riosa. O Ministro de Exteriores, Miguel Ángel Moratinos, apostou por "sacar adiante" o cumio de Hong da OMC, xa que "é importante para moitos países que dependen do comercio".

A desfeita do agro galego en dous exemplos

A supervivencia de sectores fundamentais para a economía e o medio rural de Galiza, coma o leite ou a carne de vacún, está seriamente ameazada pola redución de aranceis (os impostos que teñen que pagar os produtos que veñen de fóra) que está ofertando a Comisión Europea nas negociacións da OMC.

Deste xeito, deixaríanse as portas abertas a produtos agrarios producidos en países en condicións de semi-escravitude e que a penas teñen máis custes que os do transporte e os insumos. Un bo exemplo témolo nos nosos compañeiros e compañeiras da Vía Campesina en Corea. O salario dos labregos e labregas coreanos non chega a 2 euros por día de traballo (entre 60 e 80 euros ao mes), e alí cada xornada laboral dura 14 horas e cun nivel de produción mínimo esixido. Para as explotacións labregas de Europa é imposible competir contra iso; e para os nosos compañeiros e compañeiras de Asia, insostible vivir nesas condicións de vida inhumanas.

Pero vexamos o que pasará con dous sectores estratéxicos para o agro galego se saen adiante as negociacións: o leite e a carne de vacún.

■ O leite

A última oferta da Comisión foi reducir os aranceis do leite un 46%, amais de quitarlle a cualificación de produto sensible na UE (é sensible por estar distribuído por todo o territorio e manter, fundamentalmente, economías familiares. Ao ser sensible, ten un nivel de protección superior ao 90%). Coa redución de aranceis, ese nivel de protección baixaría do 50%. Outra das cesións sería aumentar os produtos obrigatorios a traer de fóra do 5% ao 15%.

Na manteiga, temos un prezo na Unión Europea de 2,20 euros por quilo. A que vén de fóra custa 1'2 euros quilo, incluídos o transporte, e pónselle un arancel de 1'9 euros. É dicir, que a manteiga foránea non pode competir contra a nosa porque acaba tendo un prezo de entrada de 3'1 euros por quilo. Pero se lle reducen os aranceis un 50%, esa mesma manteiga de fóra custará 2'15 euros por quilo, máis barata aínda que o prezo mínimo fixado na Unión.

A consecuencia será unha drástica baixada dos prezos. En Europa non é posible que se lle poda pagar a un labrego 60 ou 80 euros ao mes como acontece en moitos países, polo que miles de explotacións terán que pechar.

■ A carne

Na Unión Europea, o prezo da carne fresca ou refrixerada e desosada é de 7 euros o quilo. A mesma carne traída do Brasil, cos custes do transporte, é de 3 euros o quilo. Nestes intreos, Brasil exporta bastante a Europa porque paga un arancel de 3'4 euros, polo que vende a carne a 6'40 euros, máis barata cá nosa.

Se prosperan as negociacións na OMC, a cousa iría aínda a peor, pois se reducen os aranceis nun 50%, a carne brasileira poderá venderse na Unión a 4'7 euros o quilo, é dicir, 2'3 euros máis barata que a carne europea.

A situación é tan crítica que a Plataforma Europea da Carne advertiu que, de saíren adiante os acordos da OMC, perderíanse na Unión máis de 600.000 postos de traballo, boa parte deles vinculados a explotacións gandeiras en zonas desfavorecidas. Os peor parados serían o sector de vacún e ovino, coa destrución de 310.000 empregos; seguido do porcino, con 240.000; e do avícola, con 71.400.

Ademais, eses produtos traídos de terceiros países non teñen que cumprir os requisitos medioambientais, laborais e de seguridade alimentaria esixidos na Unión Europea.



O SLG publica un libro para prever riscos laborais no sector agropecuario

Os autores foron Marcos Louzao e Antonio Ferreiro, e será unha guía indispensábel para labregos e labregas

A prevención de riscos laborais no agro foi unha cuestión esquecida para a Administración, xa fose por falla de interese ou por falla de coñecemento dos perigos reais da actividade

agraria. Tanto é así que o Goberno galego non foi quen de abordar esta cuestión coas organizacións agrarias até o ano 2004. O SLG quixo achegar o seu traballo a este labor e agora vén

de ver o froito a ese esforzo coa publicación do libro "Os riscos laborais na actividade agropecuaria", escrito por Antonio Ferreiro e Marcos Louzao, do que reproducimos parte do introito.

O Sector agropecuario e forestal galego agrupa na actualidade a case 110.000 traballadores e traballadoras, que desempeñan tarefas moi diversas e que se ven afectadas por un grande número de riscos.

Moitas persoas seguen pensando hoxe en día que as actividades relacionadas co mundo rural están, case por completo, exentas de riscos laborais e que, por tanto, son inocuas para quen as realiza.

Esta falsa convicción é froito, entre outras razóns, do grande descoñecemento que existe entre a poboación urbana sobre a actividade agraria, así como a pouca repercusión que a problemática dos riscos laborais da actividade agraria ten nos medios de comunicación.

Máis de 40.000 accidentes en 2001

Sen embargo, lamentablemente, as cifras de siniestralidade laboral no sector agropecuario lémbrennos que a realidade é moi distinta. Durante o ano 2001 producíronse no sector agrario de todo o Estado español mais de 40.000 accidentes leves, mais de 1.100 accidentes graves e 121 mortais. En Galiza durante o ano 2003 "só" se produciron "oficialmente" 2 mortes e 139 accidentes sen consecuencias mortais.

Hai que sinalar que as estatísticas oficiais non reflicten nin de lonxe a realidade da siniestralidade laboral no agro, na medida en que moitas accidentes non foron nin son, por diversas razóns, obxecto de contabilización oficial (traballadores e traballadoras sen dar de alta na Seguridade Social, pensionistas que realizan actividades agrarias, etcétera).



Antonio Ferreiro (arriba) e Marcos Louzao (abaixo) son os autores do libro "Os riscos laborais na actividade agropecuaria", publicado este mes de decembro por Edicións Fouce



Moitos perigos da actividade agraria viñeron co proceso de modernización

A transformación do sector agrario en Galiza dende os anos cincuenta caracterizouse pola continua substitución do factor traballo polo factor capital, introducindo a maquinaria, fertilizantes, herbicidas, fitosanitarios e enerxía.

A mecanización e tecnificación experimentada significou en moitos aspectos unha mellora nas condicións laborais dos traballadores, pero tamén contribuíu a aumentar a gravidade dos accidentes relacionados co manexo destas mesmas máquinas e suposto un nivel de atención e control maior por parte do operario, desembocando moitas veces en procesos do estres.

A actividade laboral no agro presenta perigos que se ven agravados por utilizar certos medios de produción, como a maquinaria de grande potencia ou os produtos tóxicos, que a miúdo son sometidos a manipulación, así como polas notables deficiencias no emprego de equipos de protección persoal.

Os labregos e labregas foron ate agora un colectivo especialmente ignorado polas políticas preventivas. Por iso é máis necesario que nunca recibir unha formación apropiada, usar os equipos de protección e de traballo de forma axeitada, realizar recoñecementos médicos, emendar todas as situacións anómalas que poidan provocar accidentes no lugar de traballo e entrar, en definitiva, nunha dinámica de maior "cultura preventiva".

Agora pódense cobrar as baixas laborais a partir do cuarto día

Por outra parte, dada as especiais características do Réxime Especial da Seguridade Social ao que están inscritos a maioría dos titulares agrarios, moitos dos accidentes de traballo de tipo leve e algúns graves que se producen non se comunicaron á Administración correspondente, pois a xestión ou tramitación da incapacidade temporal derivada do mesmo resultaba en ocasións baldía.

Isto era así porque o dereito a percibir unha cantidade en compensación ao tempo que permanecía de baixa se computaba a partir do quinceavo día (se un agricultor caía do tractor e se facía unha escordadura no nocello, por exemplo, e o médico lle daba unha baixa de 20 días, só tiña dereito a cobrar 5, polo que moitos xa nin pensaban en iniciar todo o papeleo por unha pequena cantidade de diñeiro).

Isto levou ao traballador agrario a re-

tomar a actividade laboral antes de concluír o prazo recomendado, aínda que sexa a costa de desenvolver o traballo en condicións inadecuadas e co risco dun posterior agravamento.

Sen embargo, esta situación mudou recentemente aínda que tardará en se reflicir nas estatísticas. A partir do Real Decreto Lei 2/2003 polo que se establecen medidas de reforma económica, entre as que se inclúe a de equiparar en materia de Seguridade Social ao Réxime Especial Agrario (REASS) co Réxime de Traballadores Autónomos. A partir de agora poderase percibir unha prestación desde o cuarto día da baixa e no caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional a partir do día seguinte da baixa médica. Pronto poderemos coñecer de maneira máis fiábel o número de accidentes derivados do traballo agrario.

Riscos laborais no agro específicos para as mulleres

Gabinete de formación do Sindicato Labrego Galego

Máis ala dos riscos que afectan a labregos e labregas, cómpre facer fincapé en toda unha serie de riscos específicos aos que están sometidas as mulleres que traballan na agricultura e na gandería. A análise destes riscos, ignorados ou subestimados

en publicacións sobre riscos laborais no agro, é moi importante, non só polo que supoñen para as labregas, senón tamén pola importancia que ten o feito de que unha porcentaxe moi elevada de quen traballa no sector agropecuario galego sexan mulleres.

No limiar do libro “Os riscos laborais na actividade agropecuaria”, publicado por Edicións Fouce, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, di que “unha liña de traballo importantísima para nós, que está abordando a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, é a prevención dos riscos aos que nos enfrontamos as labregas, xa que, ademais dos que son comúns, temos outros específicos en épocas de embarazo, post-parto e lactancia”.

Precisamente, esta páxina do Fouce 238 sobre os riscos laborais das mulleres do agro céntrase, fundamentalmente, nos perigos que se xeran nos períodos de idade fértil, embarazo, post-parto e lactación das mulleres.

Neste período de idade fértil, embarazo e post-parto, cómpre distinguir entre dous tipos de riscos fundamentais: os riscos físicos e os riscos biolóxicos.

Agardamos que a publicación destes consellos nas páxinas de Fouce che poidan ser de utilidade.

1. Os riscos físicos

a) Vibracións

É de especial importancia evitar nos desprazamentos e traballo con máquinas un exceso de ruídos e de vibracións, cuxas consecuencias poden ser de especial gravidade durante o embarazo, chegando mesmo a supoñer situacións de abortos ou partos prematuros.

b) Ruídos

Outro risco físico perigoso e frecuente é a exposición a fontes de ruído (por exemplo, maquinaria agrícola ou de transformación e tratamento dos produtos). Os elevados niveis sonoros que provocan estas máquinas, especialmente cando a exposición é prolongada, pode ter consecuencias para o feto, polo que cómpre evitar a exposición continuada a estas fontes de ruído.



c) Manipulación de cargas

No referente as cargas pesadas, como norma xeral cómpre evitar a súa manipulación. Para erguer de xeito excepcional obxectos cun certo peso, é moi importante seguir as recomendacións que o manual “Os riscos laborais na actividade agropecuaria” fai no apartado referente ao manexo de cargas. Unha práctica incorrecta neste ámbito pode ter consecuencias prexudiciais para a evolución do embarazo, chegando mesmo a provocar unha lesión fetal e/ou un parto prematuro.

d) Manipulación de cargas

En traballos de longa duración e de posturas forzadas, e de vital importancia evitar a posición de pe ou sentada sen repousos e sen cambios de postura. A permanencia excesiva en

posturas forzadas durante o embarazo e a consecuente ausencia de repousos, ten suposto un incremento de abortos, partos prematuros e de diminución do peso do recen nacido.

e) Traballos no interior

As mulleres que traballan en espazos cerrados deben evitar a exposición a monóxido de carbono

procedente de motores, tabaco, etcétera. Esta exposición pode afectar ao feto con efectos tóxicos.

f) Traballos no exterior

É de especial importancia evitar a exposición ao calor, sobre todo para que non se produzan situacións de deshidratación.

Por outra parte tamén hai que evitar o frío intenso e os cambios bruscos de temperatura (especialmente durante o embarazo e a lactación).

2. Os riscos químicos e biolóxicos

No tocante aos riscos químicos e biolóxicos cómpre facer especial fincapé nos produtos perigosos e nas sustancias químicas que se manexan nos tratamentos fitosanitarios.

O uso e manexo destes produtos especialmente perigosos durante o embarazo, post-parto e lactación debe ser evitado ao longo dos citados períodos, moi especialmente cando así o sinala o manual de instrucións e a ficha de seguridade de tales produtos.



Begoña Troncoso, viticultora e adegueira da Denominación de Orixe Rías Baixas e afiliada ao SLG

“Non se respectaron os acordos e vendeuse a uva Albariño a 90 céntimos ou sen prezo”

Os viñedos de Begoña Troncoso en Sela (Arbo), xa os traballaba o pai do seu home. Hoxe, ela é a titular dunha explotación con 8.000 metros en plena produción, 6.000 que se colleitarán o

ano que vén, e 3.000 que van plantar en breve. Se todo vai ben, agarda unha media de 20.000 botellas por vendimas que se envasará un caldo de uva Albariño cunhas pequenas porcenta-

xes de Treixadura e Loureira. Aínda que produce con métodos ecolóxicos, o Craega negoulle o certificado porque as leiras veciñas á súa fan unha viticultura convencional.

■ Como andiveron os prezos nesta vendima?

Eu non merco nin vendo uva, utilizo toda para facer viño. De todos xeitos, polo que sei, a xente de por aquí vendeu a uva sen saber canto lle ían a pagar.

■ Entón, non se respectaron os acordos da mesa do viño en Rías Baixas.

Eu sei dalgunha adega que mercou a uva Albariño a 90 céntimos, polo que non se respectou o prezo de 1'20 euros acordado.

É un prezo moi baixo se temos en conta que, hai cinco anos, a uva Albariño chegou a pagarse a máis de 3 euros o quilo. Recoller, colleuse toda. Pero o normal é que os viticultores non saiban aínda o prezo que lles van pagar porque non lles ingresaron os cartos.

■ Que acordos cres que se deberían tomar nas seguintes mesas do viño?

Nesta DO temos moitas necesidades. O mínimo é que os produtores de uva teñan asegurado un prezo. Non podes dedicarte todo o ano aos viñedos sen saber o que che van pagar. Isto provoca que, ao non poder asegurarse un futuro, a mocidade marche só fiquen traballando as terras a xente maior.

■ Dende que comezou coa explotación, ¿xa tivo claro o de elaborar e vender viño?

A venda de viño é unha profesión que xa vén do pai do meu marido, e esta plantación xa ten trinta anos, polo que comecei a traballar para unha clientela.

■ No viño que elaboran poden poñer a etiqueta de Rías Baixas?

Neste intre, elaboramos viño de colleiteiro, pero estamos no proceso para poder etiquetar na DO.



Begoña Troncoso optou dende un principio por dedicar toda a uva á elaboración de viño

■ ¿Cren que debería haber unha DO específica para o viño de colleiteiro?

Creo que si, que debería ter unha distinción o viño de colleiteiro con respecto ao que elaboran as industrias, pois é un produto totalmente diferenciado.

Nós, por exemplo, apostamos forte pola calidade;

mesmo temos enólogo. As grandes adegas xa teñen o mercado aberto, pero nós témolo moi complicado para vender, polo que esa distinción axudaría bastante.

■ Ten atrancos no seu oficio?

Á hora de poder cobrar as subvencións, estamos tendo serios problemas. Por mor

dun erro burocrático da oficina agraria d'A Cañiza, este ano teño que devolver unha subvención. A oficina agraria está moi falta de persoal e completamente desbordada dende que comezou a reestruturación de viñedo. Isto provoca que haxa erros humanos que somos nós quen os padecemos.

“Non hai vontade política de controlar a entrada de uva foránea”

■ Nesta zona hai problemas coa entrada de uva foránea? Aumentáronse os controis como prometeu o Delegado do Goberno?

Non me consta que houbese máis control. Non pasaron tantos camións coma no 2004, pero entraron. Está claro que non hai vontade política de controlar, pois só hai que poñer patrullas nos catro ou cinco pasos fronteirizos que hai no mes da vendima.

■ Por que hai adegas que mercan uva portuguesa?

Porque é máis barata: venden a uva Albariño a 60 céntimos. Esta competencia con prezos á baixa afecta negativamente ao sector. Se un empresario pode traer a uva de fóra a un prezo de 60 céntimos, non vai pagar 1'20 euros como se acordou na mesa do viño.

“É urxente pór en marcha o banco de terras para que non marche a mocidade”

■ Como andan as relacións coas grandes adegas?

Ata o de agora, houbo moitas inxustizas entre viticultores e grandes adegas. Preto da nosa explotación, hai unha adega moi coñecida que ten viñedos fóra do territorio da DO, e non tivo ningún problema coa Administración.

Potenciáronse grandes plantacións de viñedo en pleno monte, como as de Horacio Gómez, o presidente do Celta, e as terras agrícolas da veiga estanse abandonando.

■ Entón, sofren diferenza de trato?

Si. Nótase en que ás grandes adegas teñen sobrecarga de maquinaria porque acceden a todo tipo de subvencións de xeito doado.

Temos esperanza que co troco de Goberno rematen este tipo de políticas. Ata o de agora, a Xunta apoiou só aos grandes negocios, sen controlalos. Isto debe mudar, e non para prejudicar a ninguén, senón para que todos, grandes e pequenos, poidamos ter acceso ás axudas nas mesmas condicións.

■ Daquela, que lle pedirías á nova Consellaría de Medio Rural?

Creemos que é unha necesidade urxente activar o banco de terras. É moi necesario para que a xente nova se incorpore e haxa un futuro no medio rural. Por aquí hai moita terra abandonada, pero o panorama é máis preocupante se pensamos na que se vai a abandonar en breve, pois moitos

labregos e labregas están preto de xubilarse.

Tamén temos unha carencia grande de servizos. Deberíamos ter dereito a ter teléfono, accesos ou electricidade ao construír unha casa. Nós construímos a nosa hai cinco anos, pero seguimos sen teléfono, e ao camiño de acceso tivemos que botarlle un firme de cemento pagando do noso peto, pero segue sendo moi problemático cando veñen camións a deixarnos as botellas para envasar. A electricidade que temos é de pouca calidade, e imos poñer paneis solares.

A Administración debe garantir eses servizos para ter un nivel de vida digno e pode desenvolver unha actividade económica.

As adegas de Rías Baixas néganse a negociar un prezo mínimo para a uva

Valdeorras, Ribeira Sacra e O Ribeiro, abertas á creación de contratos de compravenda para o 2005

Entre o 28 e o 30 de novembro celebráronse as mesas do viño das denominacións de orixe galegas: Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras, Monterrei e Rías Baixas. Onde máis polémica

houbo foi nesta última, por negarse as adegas a fixar prezos para o 2005, e por terse incumprido os acordos desta vendima. Non embargante, a tónica xeral foi a de tentar buscar a estabili-

dade nuns prezos de referencia dignos para a uva; sen saber aínda o que aconteceu en Monterrei; Valdeorras, Ribeira Sacra e O Ribeiro están dispostas a crear contratos homologados.



O Sindicato Labrego Galego valorou positivamente o principio de acordo acadado na mesa do viño do Ribeiro, celebrada na mañá do 28 de novembro. En principio, convocouse de novo a mesa para o 15 de decembro coa intención de asinar un documento por escrito no que se van tipificar as calidades esixidas, prezos e modalidades de pago para a vendima do ano que vén.

Neste senso, haberá prezos de 51 céntimos para a uva Xerez; e valores que abalan entre 1'08 e 1'25 euros para as uvas de caste, agás a Torrontés, que se cotizará a 84 céntimos. Foron varias as adegas dispostas a asinar este acordo, incluída a Cooperativa do Ribeiro. Medio Rural anunciou a posíbel compensación a estas empresas que acepten o contrato. Pola súa banda, o SLG vai dar o seu apoio a este documento, e tomarao como punto de partida para negociar vendimas futuras, xa que este só marcou os compromisos para o ano que vén.

O SLG avaliou de xeito positivo o cumprimento dos acordos deste ano na vendima do Ribeiro, e valorou os esforzos da Consellaría para que a uva non quedase "colgada". Aínda así, o SLG chamou a atención dalgunhas partidas de uva Alacante que non se recolleron, amais dalgún caso puntual de impago de vendimas pasadas.



Na mesa de Valdeorras o viticultor Manuel Docampo acompañou a Gonzálvez Vilas, do SLG



O principal acordo acadado na mesa do viño da Ribeira Sacra, celebrada na tarde do 28 de novembro, foi que cada parte implicada no sector desenvolvea propostas de contrato para a compravenda de uva na vindeira campaña no prazo dun mes, que serán discutidas na seguinte reunión.

Para o SLG, isto supón un importante avance no diálogo entre produtores e elaboradores. A proposición de contrato do SLG buscará favorecer o aumento da calidade dos viños e a estabilidade necesaria para unha zona vinícola tan singular como a Ribeira Sacra.




A mesa do viño de Valdeorras do 29 de novembro saldouse co compromiso de volver reunirse a mediados de xaneiro para comezar a falar da posibilidade de facer un contrato de compravenda de uva para a seguinte vendima, un logro que o Sindicato Labrego considera positivo.

Nese encontro de xaneiro, o Sindicato Labrego Galego defenderá a creación dese contrato de compravenda, pois entende que é un bo camiño para reforzar as posibilidades comerciais dos viños de Valdeorras no mercado local galego, e para mellorar a calidade das uvas que se cultivan nesta denominación de orixe.



Cando se pechou este Fouce, aínda estaba pendente de celebrarse a mesa do viño de Monterrei, prevista para a tarde do 30 de novembro. Nesa reunión, o SLG tiña pensado defender a posta en marcha de contratos que contemplasen uns prezos para as uvas de caste entre 80 e 90 céntimos por quilo. Outro dos temas importantes desta DO nos que ía incidir Xosé Manuel Gonzálvez Vilas era o da necesidade de valorizar as uvas que se colleitan na denominación, pois hoxe en día o 90% da produción consévese en usos menores como uva fresca ou para viños de mesa.



A mesa do viño de Rías Baixas, celebrada na mañá do 30 de novembro, foi a máis polémica. A pesares de que o Sindicato Labrego Galego ía con intencións conciliadoras, esta actitude bateu coa negativa do sector de adegas elaboradoras a negociar un prezo de compravenda da uva para a vendima do ano 2005.

Onde tamén houbo conflito foi á hora de render contas sobre o cumprimento dos acordos acadados o 14 setembro deste ano. O responsábel do sector do SLG, Xosé Manuel Gonzálvez Vilas, comprobou como moitas adegas facían interpretacións negadas deses acordos, creándose unha situación na que a uva Albariño se pagou a prezos de 80 e 90 céntimos o quilo, moi por debaixo do 1'20 euros máis IVE pactado na vendima.

Neste intre, aínda falla por saber a que prezo pagarán moitas adegas que aínda non pactaron os prezos por estar á espera de coñecer os resultados deste encontro.

Ese prezo de 1'20 euros máis IVE vai ser o que siga reivindicando o Sindicato Labrego Galego. Dado que non se chegou a ningún acordo ao respecto na mesa do viño, o SLG declarouse tamén desvinculado dos pactos, polo que xa está a estudar medidas de presión para que se cumpran as súas demandas.

A Secretaría das Mulleres do SLG carga baterías para unha nova xeira de traballo

Celebrou o seu segundo encontro anual en San Clodio de Ribas de Sil entre o 25 e o 27 de novembro

Un cento de mulleres vida de todas as comarcas de Galiza e traballadoras de diversos sectores produtivos agropecuarios déronse cita en San Clodio de Ribas de Sil entre o 25 e o 27 de novembro no segundo Encontro Anual de Mulleres do SLG. Aínda que foron moitos os temas tratados e debatidos, e moitas as actividades e obradoiros levados a cabo, destacou o traballo feito ao redor da violencia exercida contra as mulleres. Non en van, a primeira xornada do encontro coincidiu co 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.

A xornadas comezaron un pouco accidentadas, xa que no lugar de celebración orixinal -a casa de cultura de Quiroga- non puideron acontecer por un "despiste" do Concello. Para a responsable da Secretaría das Mulleres "non había escusa" e considerou inaceptábel que se lles puxesen trabas a aquelas organizacións sociais que emprenden iniciativas positivas para o país e, ao mesmo tempo, aprobasen manifestacións de apoio ao 25 de novembro como data de loita contra a violencia exercida sobre as mulleres.

No caso concreto quirogués, Vilalba criticou que "siga habendo políticos que seguen xestionando o público coma se fose a súa finca particular". Finalmente, a Secretaría das Mulleres do SLG contou co apoio, a última hora, do Concello de San Clodio de Ribas de Sil, que cedeu a biblioteca municipal para que se puidese desenvolver o encontro.

O traballo da Secretaría das Mulleres no 2005

Salvadas estes obstáculos iniciais, o encontro comezou a rodar cunha análise conxunta do traballo realizado pola Secretaría das Mulleres durante o último ano dende o encontro de Allariz. Entre outras actividades, avaliáronse as viaxes formativas que se realizaron no 2005. A primeira delas foi a Andalucía no mes de abril, onde se coñeceu de preto dous modelos de produción antagónicos: as explotacións agrícolas pequenas, con pequenas infraestruturas de transformación e con protagonismo social dos labregos e labregas na Serranía de Ronda; fronte á paisaxe de mares de plástico xerada pola horticultura industrial almeriense, con uso de pesticidas e produción a baixo custe en beneficio dos agronegocios e a costa da



Case un cento de labregas asistiron ao encontro da Secretaría das Mulleres entre os tres días

renda dos labregos, e sen respecto polo medio ambiente nin polas condicións laborais dos traballadores e a seguridade alimentaria.

A segunda viaxe foi a Austria, e aínda que non foi or-

ganizada pola Secretaría das Mulleres, o SLG contribuíu a deseñala en parte. Con esta pretendeuse dar a coñecer as infraestruturas que se desenvolven neste país para transformar os produtos, elimi-

nando intermediarios e deixando máis valor engadido nas explotacións para acadar maiores rendas. Esta última viaxe tamén serviu para tomar contacto con diversos colectivos sociais, co-

mo a asociación de labregas OBV.

Outro tema de análise foi a formación que se desenvolve nas comarcas. Unha das propostas de mellora que saíron á luz foron a celebración de actividades formativas con maior regularidade. Tamén se valorou a necesidade de colaborar con outras entidades sociais, como a Marcha Mundial das Mulleres en Galiza; respecto disto último, houbo tamén unha lembranza da actividade desenvolvida cando pasou por Galiza a Carta Mundial de Dereitos das Mulleres, que contou coa participación das labregas do SLG en diversas comarcas na elaboración da manta da solidariedade.

Outro dos recordatorios de actividade foi a batalla reivindicativa sostida pola Secretaría das Mulleres para que non se retirase do Plan de Reestruturación do Sector Lácteo o baremo que primaba o feito de ser muller no expediente de acceso a cota.

Axudas para que as mulleres de calquera idade poidan cotizar á Seguridade Social

O sábado pola mañá analizáronse os cambios na Seguridade Social Agraria que haberá a partires de xaneiro para todas as persoas que coticen. As asistentes valoraron a proposta de apoiar durante os tres primeiros anos a afiliación de mulleres coa axuda do 30% por parte do Ministerio de Agricultura, e o 20% pola Xunta.

Respecto desta acción, criticouse o feito de que as axudas pretendían deixar fóra ás mulleres maiores de corenta anos pois, precisamente, o groso das interesadas en afiliarse á seguridade social atópanse na franxa que vai dos corenta aos cincuenta anos. A proposta do Sindicato Labrego Galego é que se subvencione ese 50% da cotización sen que haxa límite de idade, é dicir, que a subvención abranxa a todas as mulleres que


se dean de alta.

Fóra este particular, as mulleres do SLG valoraron positivamente que se incrementen as bases de cotización das persoas que traballan na agricultura para acadar mellores prestacións de invalidez, baixas, pensións de xubilación, etcétera. Non embargante, tamén amosaron a súa preocupación polo incremento de custes que trae esta mellora, xa que deixará fóra ou sen posibilidade de cotizar a moitas mulleres por ter, normalmente, as explotacións menos dimensionadas e con máis dificultades económicas.

Outro dos temas que ocuparon o debate foi a problemática que teñen algunhas mulleres para o cobro das axudas de 100 euros por fillos e fillas ao cargo menores de tres anos. Denunciouse a existencia de expedientes

en toda Galiza de mulleres ás que se lles recoñeceu o dereito ao cobro das axudas cada mes, pero que agora, ao presentar a declaración da renda, levan a sorpresa de que se lles reclaman eses 1.200 euros que cobraron ao longo do ano porque, segundo a Administración, non tiñan dereito a percibilo. A razón é que, ao ser cónxuxes do titular, elas non teñen ingresos propios e, polo tanto, non terían ese dereito. A Secretaría das Mulleres amosou o seu total desacordo con isto. A lei prevé que a quen se lle imputen os ingresos sexa o titular, pero non hai dúbida de que as mulleres labregas son traballadoras en activo e fan as súas cotizacións á seguridade social aínda que non sexan titulares da explotación e, polo tanto, todas deben ter o dereito a percibir esa axuda.

Loita contra a desigualdade e a violencia comarca por comarca



Os obradoiros foron as actividades que máis incentivaron a participación das asistentes

Unha das actividades máis participativas foi o obradoiro organizado pola asociación Tagoen Ata sobre os valores que as mulleres transmiten na sociedade. As asistentes puideron comprobar como hai varios actos cotiáns nos que, ás veces, de xeito inconsciente, transmiten aos fillos e fillas, e ao resto da sociedade, a desigualdade entre homes e mulleres.

Actos tan inocentes como ler un conto, a elección dos xoguetes, o reparto de tarefas na casa, ou a publicidade, poden ter unha enorme carga sexista.

Un dos obradoiros máis importantes foi no que se avaliou a lexislación existente sobre violencia contra as mulleres. As asistentes ao encontro fixeron un bosquejo da lei integral aprobada polo Ministerio de Asuntos Sociais en decembro de 2004 en contra da violencia de xénero. A través de pequenos grupos de traballo, elaboraron propostas sobre o que se pode facer en diversos ámbitos para prever e evitar situacións de desigualdade e de violencia.

Eses ámbitos para loitar van dende a Secretaría das

Mulleres do SLG, ata a propia comarca de cadaquén, xa que as mulleres participan en diversos colectivos (escola, asociacións, veciñanza, cooperativas, etcétera) onde se pode facer traballo neste sentido. Outro entorno importante para incidir nel é a propia casa e a familia.

O obradoiro concluíu recoñecendo a necesidade de traballar para que haxa un marco de igualdade en todas as relacións, e para poder ter acceso doado aos recursos para rematar con calquera situación de violencia que se poida dar.

Muxía, Cedeira ou Eume acollerán as xornadas do ano que vén

O punto final do encontro púxose o domingo, coas conclusións. Antes, houbo unha visita a unha explotación tradicional de aceite en Quiroga, único lugar que conserva este tipo de produción en Galiza.

A valoración das xornadas foi positiva, pois deron a posibilidade de contactar e compartir experiencias a mulleres de diversas comarcas. As asistentes quixeron transmitir que as mulleres do rural son persoas activas, que teñen moitas propostas que facer, en contra dos estereotipos que din que as labregas son pasivas e aceptan os roles tradicionais que se lles impoñen, o



Encontros como este de Arzúa precederon ao de San Clodio

cal é falso. Por outra banda, tamén se valorou que o encontro de Quiroga como punto de arranque para o traballo do ano que aínda está por vir da Secretaría das Mulleres. Nese senso, foi importante para recoller as propostas das afiliadas.

Para o 2006 farase un encontro nunha nova comarca, e xa se deixaron varias propostas sobre a mesa: Eume, Muxía e Cedeira. As labregas do SLG tamén se

propuxeron, finalmente, mellorar as estratexias para poder chegar a máis mulleres. Para iso, comprometéronse a ter contacto directo con outras mulleres á hora de organizar actividades nas comarcas, e non convocalas só por escrito.

Outra materia pendente será acadar os datos de todas as afiliadas, pois hai fichas de afiliación nas que só figura rexistrado o nome do marido por ser o titular.

A Secretaría das Mulleres pide apoios para cuidar persoas maiores no rural



Isabel Vilalba e Lidia Senra trasladaron as demandas do SLG á Secretaría Xeral de Benestar, María Xesús Lago

A Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, e a responsábel da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba, mantiveron unha reunión coa titular de Benestar da Xunta, María Xesús Lago, para abordar a problemática existente co coidado de persoas maiores e dependentes no medio rural.

Senra e Vilalba explicáronlle á Secretaria Xeral de Benestar que o coidado destas persoas recae, no meirande dos casos, sobre as mulleres, que practicamente non teñen ningún tipo de apoio social, cando ese traballo non debería ser unha responsabilidade única delas. As sindicalistas fixéronlle ver a María Xesús Lago que, neste intre, non hai unha dotación de recursos para solucionar isto, polo que as mulleres se teñen que encargar destas tarefas mesmo á costa da súa propia saúde.

Lidia Senra e Isabel Vilalba aproveitaron a xuntanza para preguntar sobre os criterios que está a manexar a Xunta para organizar este tipo de servizos. Lago informou de que, agora mesmo, a Secretaría Xeral de Benestar está analizando todos os recursos dos que dispón para poder elaborar un plano estratéxico de actuacións. A Secretaria de Benestar adiantou que está en proxecto a creación dunha rede de centros multifuncionais nas comarcas que estarán dotados como centros de día para persoas maiores, e

contarán cunha cantidade importante de persoal para desprazarse aos domicilios para apoiar en determinadas tarefas como levar-lles alimentos ás persoas á casa cando vivan soas e non se valan por si mesmas para ir mercar, organizar servizos de lavado de roupa, ou apoiar en todo tipo de tarefas domésticas.

Desigualdade nos recursos municipais

Os recursos municipais de atención domiciliaria tamén foron obxecto de análise. As representantes do Sindicato Labrego chamaron a atención sobre un funcionamento moi desigual dependendo do concello, que en ocasións é mesmo moi precario. Neste tema, Senra e Vilalba comprometéronse a traballar para detectar como funcionan os servizos de atención domiciliaria nas diferentes comarcas para poder transmitir queixas e as nosas reivindicacións nese senso.

A Secretaria da Muller demandou de María Xesús Lago un apoio decidido para as familias que teñen no seu seo a persoas maiores ou dependentes que, no medio rural, son moitas debido ao envellecemento poboacional. Senra e Seivane tamén expresaron a súa sorpresa e preocupación ao descubrir que o anterior Goberno do Partido Popular deixou hipotecado o orzamento en grande parte hipotecado con compromisos de ata vinte anos.

O Grelo Verde fornece de alimentos ecolóxicos ao comedor escolar de Laza

A asociación de Verín tivo a colaboración de Hortanosa e do SLG, e levará a experiencia a toda a bisbarra

Os nenos e as nenas que xantan no comedor escolar de Laza están de en hora boa. Grazas á colaboración entre o Sindicato Labrego Galego, Hortanosa e O Grelo Verde no marco dun programa comunitario, dende comezo de curso están a consumir alimentos ecolóxicos. Para chegar a iso, a xente d'O Grelo tivo que levar a cabo un intenso traballo de concienciación entre as pais e nais, e o profesorado. Agora, tralo éxito inicial da experiencia, tentarán facer o mesmo noutros comedores escolares repartidos por toda a comarca de Monterrei.

Esta iniciativa naceu ao abeiro dun proxecto interrexional financiado pola Unión Europea baixo o título Rafael (Realce de Alimentos Auténticos no Eixe Atlántico). A súa fin é a de promover o desenvolvemento de cadeas curtas de comercio local e redes de consumo directo.

Introducir alimentos ecolóxicos e de produción local no comedor escolar do Colexio O Castiñeiro de Laza foi a primeira acción en levarse a cabo por parte d'O Grelo Verde ao amparo do proxecto Rafael.

Desde hai xa varios anos, socios e socias d'O Grelo veñen mantendo contactos co consello escolar desde centro educativo, coa idea de poder introducir a iniciativa. Logo de acadar a aceptación do profesorado, o seguinte paso foi poñer ao día aos pais e nais, a quen convocaron a unha presentación do proxecto.

Despois virían os contactos coa asociación de pais e nais da escola (Ampa) para fala do tema. Desta xuntanza saíu o compromiso da Ampa de colaborar co proxecto facendo unha



O Grelo Verde ten participado en numerosas feiras para dar a coñecer o seu traballo

obra de teatro que se interpretará no festival de Nadal deste ano.

O conxunto destas accións foi pensado para concienciar á comunidade escolar da necesidade e os beneficios de involucrase na elección dos alimentos que se consumen, e a adquisición duns criterios a seguir para que as súas

eleccións teñan un impacto positivo no seu entorno sociocultural e no medio ambiente. Os socios d'O Grelo consideran que é tan importante o traballo de transmitir á comunidade escolar as ideas do proxecto, como mellorar a alimentación de nenos e das nenas.

Neste senso, O Grelo Verde

salientou a agroecoloxía como camiño para preservar o medio ambiente e a biodiversidade; amais do consumo como apoio ao desenvolvemento das economías locais, xa que os alimentos locais teñen o valor engadido de ter unha influencia positiva no seu entorno máis directo.

Unha asociación para fomentar a agricultura ecolóxica

O Grelo Verde é unha asociación rural, con sede en Verín, na que os seus socios e socias levan anos traballando voluntariamente para fomentar a conciencia sobre a importancia da agricultura ecolóxica coma ferramenta para o ben social no eido rural, promovendo un modelo de desenvolvemento sostíbel baseado nun sector primario respectuoso co medio ambiente e a saúde das persoas.

Entre os eidos nos que leva traballado O Grelo Verde destacan a asistencia a feiras e outros eventos para o promoción da agricultura ecolóxica, ou un economato de produtos biolóxicos para os socios e socias. O Grelo Verde tamén fai programas de investigación e colabora con outras entidades afíns para axudar a dar a coñecer a súa mensaxe.

Comensais: 41 alumnos e alumnas, amais do profesorado e a cociñeira

Os produtos que se introduciron no comedor do centro escolar escolléronse baixo os mesmos criterios que O Grelo Verde ten para o economato: ter un contacto directo co produtor ou produtora, e usar un mínimo de embalaxe. No comedor escolar hai un total de 41 alumnos e alumnas, aos que hai que engadir o profesorado e a cociñeira, que tamén xantan no centro.

Dende o primeiro intre, O Grelo Verde mantivo contactos coa cociñeira do cen-

tro para facela partícipe do proxecto, e se visitaron as instalacións do comedor, cociña e almacén. O troco de alimentos convencionais por outros de mellor calidade, e a introdución de produtos novos, fíxose paulatino, segundo a demanda da cociñeira e o abano de oferta que ten xestionado O Grelo Verde. Os aspectos que afectan directamente ao funcionamento coa cociñeira están traballándose, xa que a novidade do proxecto dá orixe a diversas

cuestións que se van solucionando sobre a marcha. A periodicidade ou o tipo de embalaxe son algunhas delas. Un dato rechamante é que á hora de conseguir produtos transformados, moi poucos traballan con envases superiores ao quilo, que é a presentación máis normal nas cociñas dos comedores a grande escala.

Isto danos unha idea do pouco traballado que se atopa este eido, aínda tratándose de algo tan importante como a alimenta-



Varias reunións con pais e nais, e profesorado, precederon á experiencia do comedor escolar de Laza

ción dos nosos fillos e fillas.

Cos coñecementos adquiridos nesta primeira fase, a asociación O Grelo Verde, sempre coa colaboración de Hortanosa, vai ofrecer o proxecto a máis comedores

das escolas da bisbarra, para así aumentar a cantidade de alimentos ecolóxicos e de produción local que se achegan aos nenas e nenos da comarca de Monterrei.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense

Herba seca e rolos de silo en Santa Cristina (Cospeito, Lugo).
Chamar ao 982 177 387

Véndense

-Desensiladora.
-Tractor RENAULT 57.
-Semental de branco belga.
En Seixas (Cospeito, Lugo).
Chamar ao 610 362 674

Véndense

-Autocargador BEVILAQUA.
-Rotativo BONINO 45.
-Bañeira de leite PACHO de 1.000 litros, seminova, de aceiro inoxidable, trifásica.
Chamar ao 982 349 163

Véndese

Explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel no 988 419 112 ou no 988 419 035

Véndese

-Sala de muxir WESFALIA con catro puntos de muxido.
-Tanque de frío de 850 litros.
-Opel Astra GLS 1.600
Preguntar por Eloi no teléfono 988 425 274 ou no 680 744 717

Véndese

-Picadora de millo CLASS 695 SL con cabezal KEMPER de 6 liñas, máis cabezal de herba.
-Carro mesturador vertical marca COMPAR de 12 m³ a
En Sobrado (A Coruña).
Chamar ao 636 615 838

Véndese

Tanque de leite de 325 litros, na zona de Montesalgueiro (Aranga).
Chamar ao 981 798 145

Véndese

Viño do país rosado e augardente.
Chamar ao 986 689 486 e preguntar por Ana. Chamar a partir das 7 da tarde.

Véndese

Casa de pedra en Espiña, Pacios (Baralla, Lugo).
Preguntar por Benigno no teléfono 982 363 270. De non atoparse en casa, deixar recado no contestador. Despois, el chamará.

Véndese

Motor de muxir GASCOIGNE con cubos. Pode con dous. Bañado en aceite. Prezo: 240 euros.
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndense

-Sala de muxido WESFALIA de 4 puntos.
-Tanque de frío de 830 litros.
Chamar ao teléfono 680 744 717

Véndese

-Autocargador rotativo MORRA.
-Desensiladora SEHTRAUW.
En perfecto estado.
Chamar ao 982 163 465

Véndese

Boi de 2 anos de raza Rubia.
Chamar ao 982 165 281.

Véndese

Renault Clio 1.5 DCI, de 65 cv, con tres portas, cor negra metalizada, máis extras. De outubro de 2004. Prezo: 8.900 euros
Chamar ao 626 278 591 de 2 a 4 ou pola mañá cedo.

Véndese

Ovellas novas preñadas de raza Merina.
Preguntar por Primo no teléfono 982 144 112

Véndese

6 vacas de raza Rubia Galega marcadas.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

Arado de 3 regos.
Chamar ao 626 334 770

Véndese

9 ovellas preñadas e un macho, de boa raza.
Chamar ao 981 788 210

Véndese

Encintadora de carro en Labrada, Abadín (Lugo).
Chamar ao 616 118 635

Véndese

Equipo completo de calefacción para invernadoiro, con xeradores de aire. En Celanova (Ourense).
Preguntar por Xulio no teléfono 605 400 351

Véndese

Colmeas.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL de 330 litros en perfecto estado.
Chamar ao 981 796 590

Véndese

Opel Kadett 1.7 Diesel, matrícula B-2554-JY por 1.000 euros. En Xermade (Lugo).
Chamar de 1:30 a 3 do mediodía, ou a partir das 9 da noite, ao teléfono 982 179 054

Véndese

-Circuíto de muxido de 3 puntos, marca WESFALIA.
-Tanque de frío en bo estado.
Chamar ao 981 790 331

Véndese

Autocargador picador da marca POTTINGER Europrofi 1.
Chamar aos números de teléfono 982 164 075 e 699 054 057

Véndese

Renault 5, en bo estado.
Preguntar por Antonio no teléfono 982 187 272

Véndese

Tolba de penso para tractor.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Sala de muxir marca MAGNUS de 6 puntos con medidores electrónicos.
-Silo de penso de 6.000 quilos.
En Santa Comba. Chamar ao teléfono 981 895 168

Véndese

Casa en Piñor (Ourense). Ten curro, planta baixa e piso superior con tres habitacións e comedor, e unha casíña adicional que fai de cociña. Con eidos na zona. Seis familias de veciñanza. Bo acceso para coches, preto da N-525, a un quilómetro do centro urbano. 30.000 euros, negociables.
Chamar ao 649 463 730

Véndese

Trigo do país e rolos de palla.
Preguntar por Manolo a partires das 9:30 da noite no 982 157 225

Véndese

Xovencas frisonas próximas ao parto, con carta.
Chamar ao 981 196 919

Véndese

-Renault 110 serie 54, con motor MWM.
-Same 110 Laser.
Ambos en estado impecábel, de importación e sen tintar.
Chamar ao 606 616 139

Véndese

Autocargador MAGAL, con descarga hidráulica, de 22 metros e 5 coitelas.
Chamar ao teléfono 982 160 266

Véndese

2 carros espaxexedores de esterco seminovos, espallador de herba, grade de 3 corpos, e outros apeiros. En Touro (A Coruña).
Chamar ao teléfono 981 517 414 ou ó 981 517 084

Véndense

Cachorros de Bóxer, leonados e atigrados, con pedigrí. Excelente carácter. Na bisbarra de Compostela.
Chamar ao 616 033 013

Véndese

Circuíto de muxido ALFA LAVAL de 5 puntos.
Motoserra FOLUX 160.
Todo en bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 982 140 956

Véndese

Circuíto de tres puntos.
Autocargador JB de 22 metros, seminovo.
Frío de 1.050 litros.
Chamar ao 986 684 218

Véndese

Plantas de mirabel xa enxertadas, con poda de formación e con instrucións de cultivo. Prezo: 6'50 euros / planta. Prezo negociable para cantidades maiores de 25.
Chamar ao teléfono 619 292 931 ou ó 619 292 932

Véndese

2 cans das vacas: un pastor alemán de 1 ano, e un pastor belga cruzado de 8 meses. En Abadín (Lugo).
Chamar ao teléfono 637 789 191 despois das 18:00 horas.

Véndese

Rolos de herba seca.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

Segadora de tractor de peite (para toxo e herba).
Preguntar por Paco no teléfono 981 196 114

Véndese

-Segadora rotativa POTTINGER modelo CAT 1'90 PLUS con acondicionadora.
-Carro mesturador FRASTO modelo flaco de 13 metros.
Chamar ao 630 883 662

Véndese

Fresadora en bo estado marca AGRATOR. 1'80 de traballo.
Preguntar por Xosé no teléfono 982 160 057

Véndese

Centeo.
Preguntar por Mario no teléfono 986 699 565 ou ó 656 922 581

Véndese

Tanque de frío de 735 litros.
Circuíto de muxido WESFALIA.
En bo estado
Chamar ao 981 790 331

Véndense

-Sala de muxido de 4 puntos con 4 medidores.
-Tanque de frío de 530 litros.
-Silo de herba de fosa.
-Herba seca, un autocargador e un espaxexedor de silo.
Chamar ao 981 788 386

Véndese

Bomba de muxido seminova, marca WESFALIA, trifásica, de 800 litros, ampliábel a 1.200 litros.
Preguntar por Miguel no teléfono 666 667 445

Véndese

-Tractores RENAULT modelo Ares 720, de 170 CV, 3.500 horas de traballo, cor laranxa.
-RENAULT modelo Femis 610 RZ de 115 CV, 1.500 horas de traballo.
-RENAULT modelo Ceres de 85 CV e 7.900 horas de traballo.
-PASQUALI de 60 CV e 550 horas de traballo
-Trituradora forestal de 2'30 metros de ancho de traballo
Todo en perfecto estado; por cese de actividade.
Chamar ao 981 786 250.

Véndese

Palla en pacas pequenas.
Preguntar por Xulio no teléfono 677 484 662

Véndese

Invernadoiro de 1.000 m² en Pontearreas, comarca do Condado.
Preguntar por Dani no teléfono 657 844 252

COMPRAS

Mércase

Espaxexedor estendedor de silo.
Preguntar por Raúl no teléfono 981 892 716

Mércase

Silo de penso, dividido e capacidade entre 8.000 e 10.000 quilos.
Chamar ao teléfono 982 314 397

OUTROS

Arréndanse

Fincas por abandono da cota láctea. 10 hectáreas con cortes para 30 vacas e galpóns, corte para a cría de xovencas con capacidade para 10 animais, e sala de muxido. Tamén se pode arrendar unha vivenda.
Chamar ao 686 084 461

Búscase

Tractor Ebro 160 para aproveitar motor en bo estado.
Preguntar por Xabier no teléfono 686 963 706

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Cristina Rocha, horticultrice ecolóxica e membro da Dirección Nacional do SLG

Cristina Rocha comezou nova neste de traballar a terra, e nova tivo que deixalo. As obras da plataforma loxística e industrial do Porto de Vigo expropiáronlle as súas leiras en Tortoreos (As Neves), onde se dedicaba á horticultrice ecolóxica con 2.300 metros de invernadoiros. Agora, sen eidos, está centrada na comercialización cunha tenda familiar na que vende produtos da bisbarra e do Comercio Xusto, mentres busca solucións a un problema que padecen todos os labregos e labregas de Galicia: a falla de terra.

“Elixín a produción ecolóxica por respecto á terra, ao medio ambiente, e á saúde”

■ Por que optou pola produción ecolóxica?

Por motivos obvios de respecto ao medio ambiente, á terra e á saúde. Para min é fundamental que a terra estea san e non contaminarme mentres traballo ou ao comer. Na nosa cooperativa sempre tivemos claro que queríamos producir en ecolóxico.

■ Fáleme desa cooperativa.

Comezamos cinco persoas, e despois foron abandonando uns e sumándose outros. Máis ou menos, sempre fomos sete, xente nova cunha idea inicial de facer agricultura ecolóxica.

Comezamos co asesoramento de Agaca, e integrámonos na cooperativa de segundo grao Horta de Galicia. Como eles non vendían produtos ecolóxicos, déronnos para atrás: comprometéronse a vendernos toda a produción, pero en convencional. Aínda así, nunca demos moitos tratamentos químicos; só o fixemos puntualmente cando tivemos algunha praga.

Producimos deste xeito ata que contactamos co Sindicato Labrego Galego a través dun curso de agricultura



Cristina Rocha rexenta coas súas irmás unha tenda de produtos ecolóxicos en Ponteareas

ecolóxica. Entón xa desbotamos os produtos químicos e comezamos a producir en ecolóxico.

■ É certo iso de que na agricultura ecolóxica teñen mellores prezos?

No sector ecolóxico os prezos adoitan a ser máis axustados ao que realmente vale

o produto. Aínda así, ese é un dos grandes problemas de labregos e labregas, que non nos pagan un prezo xusto polos nosos produtos e estamos, o meirande do tempo, vendendo por baixo dos custes.

Na agricultura convencional prodúcese moita can-

tidade con pouca calidade para poder obter algo de beneficio; como os prezos son tan baixos, tes que producir moita cantidade para obter unha renda mínima, e botando man de boa cantidade de químicos e métodos artificiais, pois senón as plantas non renden tanto.

“Para que a xente merque produtos ecolóxicos, antes hai que dalos a coñecer”

■ O de montar a tenda, foi con vistas a darlle saída aos produtos da explotación?

Xa o pensáramos na cooperativa, mais para facelo en conxunto estabamos moi verdes. O ano pasado, falando coas miñas irmás, animámonos, e creamos a Ecotenda Terra Viva, aquí en Ponteareas, e está a ser un bo complemento á comercialización, sobre todo se temos en conta o problema dos prezos.

De todos xeitos, sèrveme de apoio, pois coa tenda non se dá sacado toda a produción. É un xeito de facer venda directa e sacarlle maior beneficio ao traballo.

■ Na tenda fan algo máis ca vender?

Si, a tenda tamén serve para concienciar á xente sobre outro tipo de alimentos e de producións: ofrecemos información, charlas, cursos, etcétera. Un paso previo para que a xente che merque é dar a coñecer o que son os produtos ecolóxicos, o que supoñen, e os beneficios que reportan.

■ Case sen querer, vostede hoxe está na mesma situación ca unha moza que se queira incorporar á actividade partindo de cero.

O problema que temos aquí é o da terra. Co minifundismo que hai, é case imposible atopar un terreo suficientemente grande como para montar unha explotación e poder traballar en condicións. E en caso de atopalo, quedache batallar cos donos, porque son moi receosos para alugar ou vender a terra.

Eu tiven a sorte, ao comezar, de contar cun par de leiras propiedade da miña familia. Pero agora que mas expropiaron, é canto teño problemas.

“A Xunta debería mudar e darlle máis apoio aos pequenos produtores”

■ Pensa que a Xunta debería variar as políticas que se desenvolveron ata o de agora no sector ecolóxico?

Claro que se debería variar. En primeiro lugar, debería dársele máis apoio aos pequenos produtores. Agora mesmo, hai demasiados requisitos e esixencias para poder producir en ecolóxico, para todos e todas por igual, sen analizar as peculiaridades de cada explotación ou de cada zona.

Cómpre ser máis flexible á hora de fixar os baremos para conceder as axudas agroambientais, por exemplo, ou para poder inscribirse no Craega.

■ Daquela, con que trabas concretas se pode atopar hoxe unha explotación?

Non é lóxico que para acadar a certificación de agricultura ecolóxica teñas

que agardar tres anos; iso quítalle a ilusión a calquera. Eu teño compañeiros que comezaron co proceso de certificación no 2004 aos que lles viñeron a analizar as terras en marzo deste ano e veñen de darlles os resultados en outubro; agora é cando lles empeza a contar o prazo, e non lles van dar o selo ata o 2007.

Tamén no tema das axudas hai que mellorar moito. A parte de que son poucas, as esixencias para ter dereito a elas teñen pouco que ver coa realidade do país.

Por exemplo, nas subvencións agroambientais pedían unha superficie mínima de 3.000 metros en invernadoiro ou en aire libre, e por aquí é difícil atopar unha parcela desas dimensións.

■ Vostede sufriu algún tipo de discriminación por ser muller?

A primeira discriminación que sufrín foi cando fun dar-me de alta na Seguridade Social Agraria (Reass). Como son muller e estaba a vivir en casa de meus pais, e meu pai era autónomo, non me querían dar a alta porque dicían que vivía do soldo de meu proxenitor. E pedían-me a alta para poder acceder a unha subvención por incorporación á actividade.

É unha consecuencia desa lei franquista que dicía que as mulleres non podíamos estar dadas de alta no Reass se dependíamos economicamente dun home.

■ E deu solucionado?

A solución que atopei foi trocar de domicilio.